



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

CERTIFICADO

Elena Suárez Rodríguez, secretaria – interventora do concello de Boqueixón.

CERTIFICO:

Que na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 19 de novembro do 2015 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

En cumprimento da orde do 20 de xullo de 2009, polo que se regula a construcción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario elaborar o informe anual do plan de vixilancia e control ambiental.

O modelo do informe é o que establece a referida orde no APÉNDICE XII.1 e deberá acompañarse:

- 1/ Dunha reportaxe fotográfica que reflicte a totalidade da superficie do vertedoiro e acompañado dun plano.
- 2/ Do resultado da analítica do lixiviado coa sinatura do responsable de laboratorio.
- 3/ Do resultado das medicións da composición de biogás asinada pola empresa de control.

Con data 19 de agosto 2015, rexistro de entrada número 15/1638, recíbese un escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no cal se comunica ao concello que se debe continuar coas tarefas de vixilancia e control ambiental do vertedoiro e presentar no mes de decembro de 2015 o informe do plan de vixilancia e control ambiental.

Por todo isto e tendo en conta que as analíticas de lixiviados e do biogás teñen que ser emitidas con anterioridade á finalización deste ano, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar ofertas para o control ambiental do vertedoiro selado R.S.U de lamas – Boqueixón aos seguintes organismos de control autorizados. Ámbito de Calidade Ambiental:

EPTISA, Servicios de Ingeniería, S.L
Rúa Pablo Iglesias, Nº 2
15174 Vilaboa – Culleredo
A Coruña

Fundación TECNALIA
C/Curros Enríquez, 17 – 19
Cambre – A Coruña

LABAQUA SA

Delegación comercial de Santiago de Compostela
R/ Secundino López
15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

IDOM , Ingeniería y Consultoría, S.A

Avda. de Lugo 151 – 153
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

2. Comunicar este acordo as citadas empresas, para que nun prazo de 10 días naturais poidan presentar a súas ofertas, no seu caso, e publicalo na páxina web municipal.

E para que conste, asino este certificado.


Boqueixón, 23 de novembro do 2015

A secretaria – interventora



Elena Suárez Rodríguez

Visto e prace
O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato